ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013771	Fontecarmoa	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD3ELE000300	Automatización e robótica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	3	107	107
MP1709_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	3	50	50
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	3	57	57

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN ANTONIO FARIÑA CORES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Para concretar o currículo do ciclo formativo, tense en conta a seguinte normativa:

- Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 659/2023, polo que se desarrolla a ordenación do Sistema de Formación Profesional, que regula entre outros aspectos, a organización dos ciclos formativos, o desenvolvemento dos currículos, a oferta, a admisión, a matrícula e a avaliación nos ciclos formativos, as validacións e exencións dos módulos profesionais e a obtención dos títulos de formación profesional.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galiza.
- A Orde 5 de novembro de 2010, modificada pola Orde do 15 de xuño de 2016, pola que se establece a ordeación da FP polo réxime para persoaas adultas nas modalidades semipresencial e a distancia
- A Orde do 12 de xullo de 2011 regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25.
- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada lei. Determina asimesmo que serán as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, as que establezan os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional. Dando cumprimento a este mandato, publícase o Decreto 102/2013 polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao de Técnico Superior en Automatización e Robótica Industrial. Este currículo adapta a titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles permitirá conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral, en concreto da familia profesional en electricidade e electrónica.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

A competencia xeral do título de técnico superior en automatización e robótica industrial consiste en desenvolver e xestionar proxectos de montaxe e mantemento de instalacións automáticas de medida, regulación e control de procesos en sistemas industriais, así como supervisar ou executar a montaxe, o mantemento e a posta en marcha deses sistemas, respectando criterios de calidade, seguridade e respecto polo ambiente e o deseño universal.

O módulo profesional de Itinerario Persoal para a empregabilidade I, común a tódolos ciclos formativos, tanto de grao medio coma de grao superior, ten como función, tal e como se establece no citado Decreto 114/2010, proporcionar formación no coñecemento do respectivo sector produtivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

As persoas que obteñan o título de técnico superior en automatización e robótica industrial han exercer a súa actividade profesional en empresas públicas e privadas relacionadas cos sistemas automáticos industriais, nas áreas de deseño,
montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial.

As ocupacións e os postos de traballo más salientables son os seguintes:
¿ Xefe/a de equipo de supervisión de montaxe de sistemas de automatización
industrial.
¿ Xefe/a de equipo de supervisión de mantemento de sistemas de automatiza-ción industrial.
¿ Verificador/ora de aparellos, cadros e equipamentos eléctricos.
¿ Xefe/a de equipo en taller electromecánico.
¿ Técnico/a en organización de mantemento de sistemas de automatización industrial.
¿ Técnico/a de posta en marcha de sistemas de automatización industrial.
¿ Proxectista de sistemas de control de sistemas de automatización industrial.
¿ Proxectista de sistemas de medida e regulación de sistemas de automatización industrial.
¿ Proxectista de redes de comunicación de sistemas de automatización industrial.
¿ Programador/ora controlador/ora de robots industriais.
¿ Técnico/a en deseño de sistemas de control eléctrico.
¿ Deseñador/ora de circuítos e sistemas integrados en automatización industrial.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elementos básicos da prevención de riscos laborais	Presentación e descripción dos elementos básicos de prevención de riscos laborais, así como a normativa fundamental	12	11
2	Os riscos do traballo asociados ao sector profesional	Análise dos factores de risco, especial atención aos ligados ao sector do comercio	22	22

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
3	A xestión da prevención de riscos na empresa	Identificación dos representantes dos traballadores en materia de prevención, así como a organización dentro da empresa desta materia e a actuación ante emerxencias.	16	15
4	As relacións laborais: contrato e convenio	Identificación dos elementos da relación laboral individual e colectiva. O contrato de traballo e o convenio colectivo.	13	12
5	A retribución polo traballo e as prestacións laborais da Seguridade Social	Presentación dos elementos do salario e do recibo de salario. Identificacións das cotizacións á Seguridade Social e valoración da acción protectora da Seguridade social	18	17
6	O mercado de traballo e o perfil profesional	Análise da situación persoal e do mercado de traballo, especial atención ao sector do perfil profesional do ciclo formativo	6	5
7	O itinerario profesional, unha folla de ruta	Definición dos obxectivos profesionais e valoración da propia empregabilidade. O análise DAFO como instrumento de análise	11	10
8	Empregabilidade e aprendizaxe autónomo	O aprendizaxe autónomo e o entorno persoal de aprendizaxe. A construción da entidade dixital	9	8

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Elementos básicos da prevención de riscos laborais	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais

4.1.e) Contidos

Contidos
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.
Marco normativo.
0Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.
Relación entre traballo e saúde.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os riscos do traballo asociados ao sector profesional	22

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora

Criterios de avaliación
CA1.1.2 Identificáronse e clasificaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención

4.2.e) Contidos

Contidos
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.
Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A xestión da prevención de riscos na empresa	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.6 Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos

Criterios de avaliación
CA1.6.1 Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
CA1.6.2 Determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste
CA1.9 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

4.3.e) Contidos

Contidos
0Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Composición da caixa de primeiros auxilios.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.
Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.
Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.
Actuación en caso de risco grave e inminente.
Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
Principais técnicas de prevención.
Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	As relacións laborais: contrato e convenio	13

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.1.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación labora
CA4.1.2 Analizáronse as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais
CA4.3 Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral

4.4.e) Contidos

Contidos
Conflitos colectivos na empresa. 0Retos laborais derivados da contorna dixital. Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais. Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.
Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Dereito do traballo.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise da relación laboral individual.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A retribución polo traballo e as prestacións laborais da Seguridade Social	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Identificáronse os compoñentes do recibo de salario
CA4.5 Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral

Criterios de avaliación
CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía

4.5.e) Contidos

Contidos
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).
Seguridade Social e estado do benestar.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Análise do recibo de salario e das súas partes.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O mercado de traballo e o perfil profesional	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo

4.6.e) Contidos

Contidos
Traballo na Administración pública.
Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.
Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.
Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública
Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.
Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.
Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.
Traballo por conta allea e traballo por conta propia.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	O itinerario profesional, unha folla de ruta	11

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego

4.7.e) Contidos

Contidos
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Contidos
0Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Oportunidades de formación e emprego en Europa.
A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.
Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Estratexias para superar as eivas de comunicación.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Habilidades de organización e xestión.
0Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Empregabilidade e aprendizaxe autónomo	9

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade
CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual

4.8.e) Contidos

Contidos
Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión. 0Concepto e características. Relevancia para a empregabilidade..

Contidos
Pegada e reputación dixital.
Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.
Necesidade dunha avaliación periódica do progreso.
Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.
Protección de datos persoais e identidade dixital.
Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.
Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.
Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.
Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.
Concepto.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Unha ou varias probas (exámenes): consistirán en preguntas teóricas e exercicios ou supostos prácticos. A proba escrita de cada parte da materia que conteña cuestionario de afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas con preguntas test con elección da alternativa correcta , e/ou preguntas curtas e, de ser o caso, casos prácticos similares aos realizados na clase.

- A puntuación da cada pregunta figurará na folla do exame, de non aparecer, significará que todas as preguntas teñen o mesmo valor.

2. Tarefas da aula e traballos a realizar tanto de forma individual como en grupo. Tarefas consistentes en casos prácticos de desenvolvemento e aplicación da materia impartida. Que se desagregará, dependendo a unidade didáctica, da seguinte maneira:
- Realización de actividades/tarefas con resolución escrita.
- Realización de actividades/tarefas con resolución verbal (exposicións).

-Realización de busca de información na rede

Non se valorarán aqueles traballos ou tarefas entregados fora de prazo indicado.

As probas ou exames supoñerán o 80% da nota da unidade didáctica, sendo tarefas de aula e ou traballos a realizar o 20% da nota.
Os instrumentos de avaliación empregados serán a proba escrtia e/ou a táboa de observación.

A calificación de cada unha das avaliacións obterase cos porcentaxes indicados anteriormente por cada UD, e facendo unha media aritmética de todas as unidades didácticas da avaliación.

Nos boletíns de cualificacións redondearase do seguinte xeito: para notas a partir de 0.5 o redondeo é cara a unidade superior, ata o 0.5 será cara a unidade inferior. En todo caso, os decimais téñense en conta para a nota da avaliación final.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para aquelas alumnas ou alumnos que non acaden unha avaliación positiva o método de recuperación será o seguinte:
Tendo en conta o informe de avaliación individualizado, terán a opción de recuperar a materia pendiente do seguinte xeito.
- Materia da primeira avaliación: recuperación á volta das vacacións de nadal
- Materia da segunda avaliación: recuperación á volta das vacacións de semana santa
- Materia da terceira avaliación: recuperació en xuño previa á avaliación final.

ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACION SUSPENSA :

Para o alumnado coa primeira, segunda ou terceira avaliación suspensa, o profesorado poderá, se así o decide, programar unha proba de recuperación teórico ou teórico-práctica para cada avaliación, e na que deberán obter como mínimo 5 puntos sobre un total de 10.
Ademáis poderáselle encargar actividades e exercicios (tarefas) a realizar e que deberán entregar ao docente, en prazo, para a súa corrección e valoración.

PERIODO DE RECUPERACION FINAL :

Para o alumnao coa primeira, segunda ou terceira avalación suspensas, realizarase unha proba final que abarcará a parte ou partes suspensas. Esta proba de recuperación estará formada por supostos prácticos ou cuestionario tipo test ou similar, e na que deberán obter como mínimo 5 puntos sobre un total de 10.

Además poderáselle encargar actividades e exercicios (tarefas) a realizar e que deberán entregar ao docente, en prazo, para a súa corrección e valoración.
Esta proba de recuperación estará formada por supostos prácticos ou cuestionario tipo test ou similar.

Para o alumnado que curso o segundo curso e ten o módulo de FOL pendente, a metodoloxía de recuperación será a seguinte:
Entregaránselle boletíns con supostos para o repaso dos contidos, un por cada avaliación, con contidos vinculados ás UD que se ven en cada unha das avaliacións. Eses supostos prácticos serán entregados para correxir pola docente. Finalmente, se procede, lévase a cabo unha proba escrita de contidos que consistirá na resolución de supostos prácticos similares ós que se fixeron nos boletíns e tamén poderá conter cuestionario tipo test, ou resposta múltiple.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O artigo 25.3 da Orde di que o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto a súa duración total, que no caso de IPE I para 107 sesións de 60 minutos, é a partir das 10 faltas inxustificadas, previo apercibimento.
O alumnado que perda o dereito á avaliación continua, poderá asistir ás clases aínda que non poderá presentarse ás probas escritas que se convoquen regularmente cada avaliación, nin se lle terá en conta ningunha outra tarefa proposta ou resolución de casos prácticos.

Este alumnado terá o dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo, que se fará cadrar coa proba de recuperación prevista nas semanas previas á data da avaliación final e consistirá en responder a preguntas curtas ou resolución de supostos prácticos, ou tipo test ou resposta múltiple.
A nota mínima será de 5 para que o módulo quede superado. O redondeo decimal será a partir de 0,5 cara a unidade enteira superior e ata 0,5 cara a inferior.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da avaliación faise a través do propio caderno de aula, no que diariamente se fan apuntamentos sobre o transcurso da práctica docente, incidencias, materia impartida, e axustes do tempo entre outros.
Tamén dito seguimento se leva a cabo a través da plataforma de seguimento de programacións da consellería, con carácter mensual, así como nas reunións de departamento.

A avaliación da práctica docente, ademais das propias autocríticas a través da reflexión diaria, faise por parte do alumnado, ao finalizar cada trimestre. Entrégaselle un cuestionario con situacións vinculadas á práctica docente, a partir do cal se toman en consideración tanto os aspectos positivos para mantelos ao longo do curso e próximos anos, como os negativos para tratar as melloras e cambios de inmediato. O cuestionario será anónimo e individual por cada unha das alumnas e dos alumnos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo através de dous métodos diferentes.
Por un lado, avaliación inicial sobre a propia alumna ou alumno. Esta avaliación farase na primeira sesión da clase mediante a presentación do alumnado a viva voz. Iranse facendo diversas preguntas para ir coñecéndonos todos, tal como:
- Porque escolléchedes este ciclo?
- Cal era a vosa primeira opción?
- Como accedéchedes ao ciclo? (Proba acceso, ESO, Fp básica...)
-Cursáchedes outra titulación antes que esta? Cal?
- De onde vindes e como, que medio de transporte empregades?
-Traballades ou traballáchedes algunha vez?
-Outras que poida xurdir na aula.

As respotas serán recollidas no caderno do docente.

A outra avaliación inicial faise en base aos coñecementos sobre o módulo. Entrégaselle ao alumnado unha folla con diferentes preguntas vinculadas ao módulo e os contidos que se tratan nel. A finalidade é ver canto ou que saben sobre a materia que se impartirá ao longo do curso, co fin de establecer a dinámica e nivel das clases.

Ambas avaliacións serán valoradas e contrastadas coa recollida de información das demais compañeiras ou compañeiros que imparten no ciclo formativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Atendendo o artigo 8 do Decreto 229/2011 que establece que as medidas ordinarias de atención á diversidade son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteracións significativas dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. A diversidade do grupo ven dada por diferentes factores, tal como vimos no contexto, como son o modo de acceso ó ciclo (dende FP Básica, ESO, proba acceso¿), as motivacións e aspiracións, as idades, a experiencia previa profesional, así como a propia madurez do alumno ou os gustos e preferencias.

Para adecuarnos a esta heteroxeneidade, as metodoloxías empregadas como xa vimos, serán en base ao deseño universal de aprendizaxe, empregando recursos nos diferentes elementos: audios, videos, lecturas, apoio visual, explicación tarefas, finalidade e avaliación tarefas, caderno ou portfolio, imaxes.

Por outro lado, atendendo a diversidade do alumnado e ás súas propias características tamén se terán en conta medidas como:
1- Estructura da aula. Disposición das alumnas e dos alumnos na aula, atendendo ás súas características individuais e persoais, coa finalidade de mellorar o seu rendemento e alcancen os seus obxectivos do curso.
2. Entrega de recursos materiais: a través da aula virtual, engádense supostos, recursos e tarefas de ampliación e reforzo, así como datos curiosos para aquelas persoas que o necesiten ou consideren.
3. Axuda entre iguais: permitir que se axuden entre os alumnos e alumnas naqueles puntos fortes que teñen, para complementar os puntos débiles das compañeiras e viceversa.
4. Seguimento na aula da comprensión do alumnado que presente necesidades, verificando por exemplo con preguntas que segue o fio da clase e a comprensión dos contidos, axudando tamén a evitar a súa distración ou captar a atención.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores é aquela que vai dun xeito implícito nos contidos do módulo. Durante o curso, son varios os que se terán en conta a propósito da importancia que teñen a nivel social. Podendo surxir ao longo do curso novos aspectos que se consideren importantes para tratar e incluilos de cara o próximo curso na programación en educación en valores.
Para o curso presente teranse en conta:

Benestar e saude: a través da relación entre saúde e riscos laborais, así como a relación coas enfermidades profesionais e accidentes de traballo (tamén enfermidades comúns e accidentes non laborais) que veremos nas unidades de PRL e tamén na unidade de prestacións da seguridade social.
Educación para a paz: fomento da conversa fronte ao odio e violencia, en xeral, en todas as sesións cando intervén algunha compañeira ou compañeiro, e en concreto, cando se trata de dar opinións ou puntos de vista, onde se traballa e conciencia sobre o respeto e tolerancia.
Educación vial: que tendo en conta as idades, xa con carnet de conducir ou próximo, é importante facer conciencia sobre isto. Trataranse nos contidos de prestacións da seguridade social, a través dos accidentes in itinere ou accidentes non laborais, e tamén cos contidos das sinais, en prevención de riscos laborais.

Educación ambiental: fomento diario co uso das papeleiras na aula, no centro e no día a día, cos despercidios que xeramos, e conciencia dos hábitos de reciclaxe.
Igualdade de oportunidades: verase este aspecto en todas as unidades didácticas, ben dende a prevención onde se valoran por exemplo, a diferencia entre accidentes con baixa de homes e mulleres debido ó sector que ocupan uns e outros, ben vendo unidade de prestación de desemprego (a través da taxa comparativa) ou nacemento e coidado do menor, así como a comparativa de contratos por sexo. Análise da xustificación dos datos que obtemos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades consideradas a comezos de curso para levar a cabo no centro educativo, a través do departamento de FOL, e habendo a posibilidade de que ao longo do curso de poidan plantexer novas actividades, son as seguintes:
- Finanzas para mortais:
- Visita ao Xulgado do Social para presenciar algún xuízo na sala ou salas que nos autoricen.
-Asistencia a unha feira de emprego que se leve a cabo en algunha localidade próxima, como por exemplo, Pontevedra.
-Práctica dos primeiros auxilios, en especial RCP, con compañeiras ou compañeiros docentes de módulos da familia profesional de sanitaria.
-Charla informativa sobre o programa ERASMUS+ no propio centro, impartida polo responsable do centro.